



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS PROVISIONAIS DE APTOS E NON APTOS PARA AS PROBAS DO CELGA 1

Nº expediente: ED114A

De acordo co previsto no artigo 10 da Resolución do 11 de xullo de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, no ano 2016 (DOG núm. 155 do 18 de agosto de 2016),

RESOLVO:

Publicar na web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal) os resultados provisionais das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 1 (Celga 1).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 11.2 da devandita Resolución, as persoas interesadas, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou ao enderezo de correo electrónico [xpl.probascelga@xunta.gal](mailto:xpl.probascelga@xunta.gal), poderán, no prazo de 10 días naturais, solicitar a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución definitiva e comunicaralles ás persoas interesadas os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Os resultados definitivos das probas publicaranse na web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal), no prazo máximo de catro meses desde a súa realización.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García-Gómez